

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO GALLEGO DE MAR DEL PLATA, COA FINALIDADE DE CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DA CIDADANÍA GALEGA RESIDENTE EN MAR DEL PLATA (ARXENTINA) ACOLLIDA NO CENTRO DE DÍA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Centro Gallego de Mar del Plata, Arxentina, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír ao financiamento do custo derivado da atención que se presta ás persoas galegas acollidas no centro de día.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Na cidade de Mar del Plata, Arxentina, reside unha importante colonia de persoas galegas e da súa descendencia que están a sufrir unha situación de crise socio económica que xera un deterioro do seu nivel de vida, o cal se está a agravar no sector de poboación de maior idade debido á falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e asistencial.

O Centro Gallego Mar del Plata é unha entidade sen ánimo de lucro, rexistrada como comunidade galega no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría Xeral da Emigración, na que están asociadas máis de mil persoas galegas e descendentes que residen nesa área xeográfica. Dende o ano 2004 esta entidade posúe un centro de día, creado como obra de beneficencia co obxectivo de promover o apoio socio asistencial das persoas maiores a través da súa atención integral con carácter de servizo preventivo, asistencial e de integración social, proporcionando actividades sociais, culturais, recreativas e asistencia de saúde ao colectivo de emigrantes galegos e galegas, a través do que ven asistindo anualmente a un grupo que oscila ao redor de 13 persoas galegas.

A Secretaría Xeral da Emigración estima que é necesario establecer unha colaboración co obxecto de contribuír á prestación de asistencia á colectividade galega residente en Arxentina que, por razóns de carencia ou de dependencia, se



atope en situación de necesidade e non poida afrontar o custo destas prestacións; o Centro Gallego de Mar del Plata conta coa infraestrutura suficiente e está disposta a prestarlle o servizo.

Para realizar as actividades descritas no presente convenio, a Secretaría Xeral da Emigración achegará dez mil euros (10.000 €), con cargo a aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao non ser posible promover a concorrencia pública, ao amparo do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, xa que é a única entidade galega en Mar del Plata que presta este tipo de servizos á comunidade galega.

O interese público de colaboración no desenvolvemento desta actuación radica na pretensión de mellorar a saúde, o benestar social e a calidade de vida da colectividade de emigrantes galegos e galegas residentes en Arxentina que, por cuestións de idade e/ou circunstancias socio familiares, presenten problemas asociados e derivados desta circunstancia persoal, por razóns de carácter social e humanitario.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

